

# VÂNIA COUTO

**Branta**  
WORLD MUSIC

## ARTISTA/BANDA

Desde moi nova Vânia Couto participa en asociacións de música e de teatro amateur. En Coimbra fixo o mestrado em Psicoloxía Clínica e Sistémica, e medra a súa paixón a partir do contacto con diversos organismos culturais. Membro do GEFAC (Grupo de Etnografía e Folclore da Academia de Coimbra) desde 2006, descobre alí as raíces da música portuguesa. Foi unha das fundadoras da Tuna da FPCEUC e participou en eventos culturais ou espazos míticos da cidade, como a Casa de Fados Diligência. Realizou o curso de Jazz da escola Sítio de Sons, onde se formou en guitarra e voz, e no 2010 realizou o Curso de Animadores Musicais da Casa da Música do Porto. Forma parte tamén do proxecto Tabacaria (poesía con interpretación e reinterpretacións musicais) e actualmente integra os proxectos Macadame (música tradicional portuguesa con interpretacións contemporáneas), mantén un proxecto en solitario, *Branta*, e no 2012 foi convidada para dar voz ao proxecto *Pensão Flor*, considerado un dos mellores álbums de 2013.

## O ESPECTÁCULO

*Branta* é un xénero de aves. Hai moitas Brantas, e algunhas migran, como Vânia Couto. Voa por varios países, sons, voces, ritmos, raíces... Gústalle nacer das músicas en puntos diferentes do mundo, que é tan pequeno e tan grande. Voa en *loop* entre moitos instrumentos que espertan as músicas que escolle para esta ruta.

### FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Vânia Couto

Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org) 

